




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33  
15552 Valdoviño  
Tífono: 881 938 107  
cpi.atios@edu.xunta.gal

# PROXECTO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR



CPI de ATIOS  
Valdoviño

CURSO 2021-22

## ÍNDICE

<b>1. NORMATIVA</b>	<b>Páx.3</b>
<b>2. INTRODUCCIÓN</b>	<b>Páx.3</b>
<b>3. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR</b>	<b>Páx.3</b>
3.1. Modalidade	Páx.3
3.2. Calendario e Horario de funcionamento	Páx.4
3.3. Persoas con responsabilidades na organización do comedor	Páx.5
3.4. Usuarios do comedor	Páx.6
3.5. Garantías de calidade do servizo	Páx.7
3.6. Réxime económico-financieiro	Páx.8
<b>4. OBXECTIVOS DO PLAN</b>	<b>Páx. 9</b>
4.1. Relacionados coa saúde	Páx.9
4.2. Relacionados coa convivencia, solidariedade e colaboración	Páx.9
4.3. Relacionados coas actividades complementarias e extraescolares	Páx.9
<b>5. ACTIVIDADES DO PLAN</b>	<b>Páx.9</b>
5.1. Relacionados coa saúde	Páx.9
5.2. Relacionados coa convivencia, solidariedade e colaboración	Páx.9
5.3. Relacionados coas actividades complementarias e extraescolares	Páx.10
<b>6. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR</b>	<b>Páx. 10</b>
6.1. Funcións e responsabilidades do persoal colaborador	Páx.10
6.2. Normas a seguir polo alumnado que asiste ao comedor	Páx.11
6.3. Normas específicas do comedor	Páx.12
6.4. Protocolo de reparto da comida sobrante	Páx.13
6.5. Uso dos patios e instalacións	Páx.14
<b>7. INFRAESTRUCTURAS:</b>	<b>Páx. 15</b>
7.1. Instalacións	Páx. 15
7.2. Equipamento:	Páx. 16
7.3. Medidas de seguridade:	Páx. 16
<b>8. O EQUIPO PEDAGÓXICO DO COMEDOR</b>	<b>Páx. 16</b>
8.1. Comisión do comedor:	Páx. 16
8.2.Reunión do director e da encargado de comedor co persoal colaborador	Páx. 16
8.3. Horario de atención ás familias	Páx. 17
<b>9. DATOS DO ACTUAL CURSO</b>	<b>Páx. 18</b>
<b>10. AVALIACIÓN DO PLAN DE COMEDOR</b>	<b>Páx. 19</b>



## 1. NORMATIVA:

O servizo de comedor regularase polo DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Define o funcionamento máis detalladamente instrución 2/2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2021-2022

## 2.- INTRODUCCIÓN:

Este programa foi realizado co obxectivo xeral de desenvolver a actividade de servizo de comedor que abarca os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

O servizo de comedor escolar ademais de cumprir unha función primaria de alimentación e nutrición, ao estar dentro das actividades, tamén ten unha función engadida de carácter educativo

Empezando por hábitos alimentarios e nutricionais, hábitos de utilización de utensilios propios da comida, regras de comportamento na mesa... etc e terminando polas actividades a realizar nos tempos de lecer posteriores á comida, atopámonos cun abano de aspectos nos cales é importante planificar actuacións, estratexias e actividades de índole educativa

## 3.- ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR

A Organización, administración e xestión económica do comedor escolar corresponde á comunidade educativa do centro, representada polo Consellos Escolar.

O equipo directivo do CPI Atios elabora de conformidade cos requirimentos exixidos pola normativa aplicable e coas instrucións emanadas da consellería con competencias educativas, este protocolo propio de funcionamento, que terá que ser aprobado polo respectivo Consello Escolar.

### 3.1. Modalidade.

O servizo de comedor do CPI Atios é o que corresponde á modalidade de xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo o número de comensais, o comedor do centro está clasificado como de tipo D de 251 a 350 comensais. Terán a consideración de comensal aquela persoa que faga uso do servizo de comedor.

O comedor do CPI Atios contará cun cadro de persoal laboral, integrado por un número de profesiniais composto como se detalla: 1 oficial 2ª de cociña e 3 axudantes de cociña.

O persoal de atención ao alumnado no servizo de comedor virá determinado en función do total dos alumnos e alumnas comensais, de acordo coa ratio establecida na Orde do 21 de febreiro de 2007. No caso do noso centro, temos 13 persoas colaboradoras, así como o encargado de comedor e o responsable do mesmo que será o director.

### 3.2. Calendario e horario de funcionamento.

A **duración do servizo** de comedor escolar axustarase ao disposto na orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que establece o calendario escolar para o curso correspondente, así o servizo de comedor comenza o primeiro día lectivo de clase no mes de setembro e remata o último día lectivo de curso, que veñen definidos no calendario escolar de cada curso. No curso 2021-22 as datas son as seguintes:

- Inicio do servizo de comedor: 08-09-2021
- Fin do servizo de comedor: 21-06-2022

O **horario do servizo de comedor** é de 13:15 a 15:45 os luns, martes, mércores e venres, de 13:20 a 16:45 os xoves.

- **COMEDOR:**

O alumnado de Infantil e Primaria **accederá ao comedor acompañado por unha persoa colaboradora e durante o desprazamento fará USO DA MÁSCARA.**

Tamén se encargará de que o alumnado faga unha **correcta hixiene de mans antes de acceder** ao comedor.


O **alumnado de ESO** fará uso do recorrido correcto e irá directamente ao comedor cando sexa o seu turno. O tempo de espera terá lugar no patio cuberto .

- Na seguinte táboa detállanse os horarios das quendas, os grupos e o número de comensais previstos:

QUENDA	HORARIO	GRUPOS	NÚMERO DE COMENSAIS
PRIMEIRA	13:30 a 14:15	Infantil , 1ºEP, 2ºEP e 3ºEP	103
SEGUNDA	14:25 a 15:00	4ºEP, 5º EP e 6ºEP	84
TERCEIRA	15:10 a 15.35	Grupos da ESO	93
CUARTA (os xoves)	15:45 a 16:10	Alumnos ESO só xoves	52



## EXEMPLO DE DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO



- As quendas poden sufrir variacións unha vez comenzado o curso escolar e ir comprobando o número reais de comensais
- Nestas quendas respectarase que o alumnado estea agrupado por aulas de xeito que se manteña a continuidade do grupo.
- Ademais flexibilízase o horario da última hora lectiva (priorizando os niveis máis baixos para comer nesa sesión) para poder ofrecer o servizo a tódalas peticións tal e como contempla o protocolo.

Haberá **ventilación constante** sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan

Sempre que sexa posible os menús serán empratados en cociña e servidos.

**En ningún caso será o alumnado o que sirva a comida nos pratos nin auga nos vasos para evitar os desprazamentos** polo comedor e a manipulación por varias persoas.

Durante o servizo de comedor o **alumnado de Infantil e de primaria que faga uso dos baños SO poderá ser acompañado polas coidadoras,**

O resto do alumnado irá sen acompañamento e coa vixianza de que se manteña o aforo dos baños (2 alumnos/as).

**Despois de saír do comedor** todo o alumnado terá que facer unha **hixiene de mans.**



A saída tamén será escalonada. Conforme vaian acabando de comer os diferentes grupos sairán o grupo completo sen coincidir no tempo con outro grupo.

- O alumnado de **infantil** usuario de comedor fará a saída tamén as **14:20**.
- O alumnado de **1º, 2º e 3º de primaria usuarios de comedor** tamén farán a saída a partir das **14:35**
- O alumnado de **4º, 5º, 6º de primaria usuarios de comedor** farán a saída ás **15:00**, **as familias terán que recollelos no aparcamento da parte posterior**
- O alumnado **usuario do comedor** de Pantín, Vilaboa e Vilarrube fará a **saída as 15:40** pola zona das familias ou autobuses segundo corresponda, baixo o control das persoas colaboradoras de comedor.

As colaboradoras recollen ao alumnado de Educación Infantil e Primaria que utilizan o servizo de comedor e os acompañan para que se laven as mans. A continuación entran con eles no comedor .

Ao finalizar a comida e coa mesma orde que na entrada, as colaboradoras acompañan ao alumnado a súa aula de referencia ata o momento da recollida as familias ou da saída do bus escolar e ao patio da cafetería se o tempo o permite, sempre gardando as distancias de seguridade e baixo o seu control.

### **3.3. Persoas con responsabilidades na organización do comedor escolar,**

- O director do centro don Antonio Cebreiro Melero que cumpre coas funcións de **responsable de comedor** alternando na responsabilidade coa xefa de estudos dona Tania María Ruanova Suárez cun horario presencial dedicado ao servizo de comedor que vai dende as 13:30 h ata 15:45h de luns a venres por quendas
- **O persoal laboral de cociña** esta integrado por unha oficial de 2ª e tres auxiliares de cocina. As súas funcións veñen determinadas na normativa de desenvolvemento do DECRETO 132/2013, do 1 de agosto cun horario presencial que vai dende as 9:30h ata 17:00 h de luns a venres.
- **Encargado de comedor** designada polo Consello Escolar, a proposta do director do centro e forma parte do persoal docente do centro. A persoa encargada do comedor terá as funcións que determine a lexislación vixente, cun horario presencial que vai dende as 13:00h ata as 16:30h de luns a venres.
- O centro dispón de **unha persoa coidadora**. A súa función básica é a atención dos alumnos/as con NEAE, segundo as necesidades existentes no Centro en cada momento. As súas funcións veñen definidas por lei (Resolución do 18/12/86, BOE do 16/01/87, da Dirección Xeral de Traballo pola que se dispón a publicación do Convenio Colectivo para o persoal laboral de Educación Especial dependentes do MEC)



- Existen **13 persoas colaboradoras de comedor** segundo corresponde pola ratio fixada por lei. As súas funcións están recollidas nas Normas Organización e Funcionamento do Centro e o seu horario presencial vai dende as 13:15 h ata 16:35h de luns a venres.

No suposto de que o centro desexa realizar modificacións das características básicas e/ou do calendario e/ou horario do comedor escolar, estas deberá solicitálas o/a director/a do centro, no prazo fixado para solicitar a autorización do servizo de comedor, na xafatura provincial correspondente, onde se procederá ao seu estudo e viabilidade económica segundo a existencia de crédito axeitado, e a súa posterior autorización, se fora o caso.

### **.3.4 Usuarios do comedor**

Existen diferentes modalidades de usuarios recollidos no decreto 132/2013, do 1 de agosto e que a continuación resumimos:

- *Usuarios **gratuítos**, aqueles que determina a lexislación vixente*
- *Persoas beneficiarias de bonificacións segundo renta fixadas na lexislación vixente:*
  - Beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía **de 1 euro** que se aboará por día de servizo de comedor
  - Beneficiarios da bonificación para comedor, agás na contía de **2,50 euros** que se aboarán por día de servizo de comedor.
- Usuarios sen bonificacións que aboaran **4,50 euros** por día de servizo de comedor. Neste grupo recolle tamén a aqueles alumnos escolarizados en centros distintos a aquel que lles corresponde segundo a distribución das áreas de influencia unha vez cumpridos os requisitos que marca a lexislación

### **3.5. Garantías de calidade do servizo**

A elaboración dos menús farase de xeito que proporcione ao alumnado unha dieta equilibrada adaptada ás necesidades nutricionais de cada grupo de idade, contribuíndo ao seu mellor desenvolvemento físico, e favorecendo, á vez, a adquisición de hábitos alimentarios saudables.

O menú será único para todos os usuarios do comedor escolar, agás nos casos de alumnos/as que padezan calquera tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante certificado médico. Nestes casos, o consello escolar solicitará que se sirvan menús adaptados ás súas necesidades, ou, se é o caso, que se lles faciliten os medios necesarios para a conservación e consumo de menús proporcionados polas familias.

O comedor do CPÍ Atios cumpre coa normativa e medidas en materia de hixiene e na elaboración, distribución das comidas. Así mesmo, se somete aos sistemas de control externo e programas de autocontrol que establezan os procesos de homologación correspondentes. O plan de autoprotección do centro recolle o protocolo de actuación a seguir en caso de calquera tipo de emerxencia no centro.

### 3.6. Réxime económico-financieiro

O comedor escolar do CPI Atios de xestión directa finánciase cos seguintes ingresos:

- Achegas da consellería para cubrir o custo do servizo.
  - Aboamento dos gastos xerais de persoale funcionamento das instalacións,
  - Bolsas de comedor cantidades que recibirános centros de ensino para aprovisionamentos.
  
- Achegas dos usuarios do servizo aos cales non lles corresponda a bonificación completade comedor, en concepto de prezos públicos.

A xestión económica do comedor escolar, xestionarase desde a conta específica de comedor de xeito exclusivo. Aparecerán a totalidade de ingresos e gastos relacionados co comedor escolar, non podendo mesturarse as sumas relacionadas con este servizo cos demais gastos de funcionamento do centro.

Os ingresos percibidos polo centro en concepto de comedor escolar non poderán adicarse a fins distintos deste.

O Consello Escolar do CPI Atios poderá utilizar o 20 % dos remanentes existentes no segundo trimestre de cada curso escolar na conta de comedor para mellorar as instalacións dos comedores escolares como gastos menores.

O pagamento mensual dos prezos públicos e das tarifas pola utilización do comedor escolar producirase entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo.

Nos 5 primeiros días naturais de cada mes os obrigados ao pagamento dos prezos públicos poderán recoller os impresos de pagamento, na secretaría do CPI Atios.

O pagamento dos prezos públicos efectuarase nas entidades de depósito autorizadas para actuar na xestión recadatoria de taxas e prezos pola consellería competente en materia de facenda, mediante os correspondentes impresos de pagamento. Así mesmo, poderanse realizar pagamentos de xeito telemático a través da oficina virtual tributaria que corresponda.

Ao longo do curso escolar os impagos dos prezos públicos e das tarifas correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, sen prexuízo da esixencia, no caso dos prezos públicos, do seu pagamento mediante o procedemento de da normativa tributaria de aplicación.





## 4. OBXECTIVOS DO PLAN

O incremento da obesidade infantil e xuvenil xunto co grande número de enfermidades cardiovasculares nos adultos deu como resultado o artellamento por parte da Comunidade Europea dun plan para promocionar os hábitos nutricionais saudables nos centros escolares desde Educación Infantil ata Secundaria Obrigatoria. Para acadar este fin fixaremos os seguintes obxectivos:

### 4.1. Relacionados coa saúde:

- a) Coñecer os alimentos básicos.
- b) Aplicación das medidas recollidas no plan de adaptación ao protocolo COVID fixado polas consellerías de Educación e Sanidade
- c) Adoptar hábitos de hixiene e postura no acto de alimentarse.
- d) Utilizar correctamente os cubertos e os utensilios necesarios para la comida.

### 4.2. Relacionados coa convivencia, solidariedade e colaboración:

- a) Coñecer as normas de convivencia dentro e fóra do comedor
- b) Respetar as normas fixadas na Normativa de Organización e Funcionamento do Centro e no Plan de Adaptación ao Protocolo COVID-19
- c) Colaborar co persoal de comedor, respectando aos mesmos e seguindo as súas instrucións.

### 4.3. Relacionados cas actividades complementarias e extraescolares:

- a) Coñecer os actividades relacionadas co comedor.
- b) Traballar desde as titorías os beneficios da alimentación saudable.
- c) Colaborar nas actividades e seguir as súas instrucións das persoas responsables das mesmas.

## 5. ACTIVIDADES DO PLAN

### 5.1. Relacionados coa saúde:

- a) Lavarse as mans antes e despois de comer e aplicarse xel hidroalcohólico
- b) Usar a mascarilla sempre, agás no momento de comer
- c) Usar os cubertos e servilletas axeitadamente.
- d) Mastigar os alimentos correctamente.
- e) Utilizar correctamente os cubertos e os utensilios necesarios para a comida.

### 5.2. Relacionados coa convivencia, solidariedade e colaboración:

- a) Os alumnos/as serán informados ao inicio de curso das normas de convivencia dentro e fóra do comedor.
- b) Os alumnos/as de secundaria axudarán aos máis pequenos, no tempo no que se desenvolve o servizo de comedor. **Non se fará mentres dure a situación de alerta sanitaria**
- c) Colocar por quendas os pratos, vasos e cubertos nas mesas, así como axudar ás colaboradoras a levar a comida. **Non se fará mentres dure a situación de alerta sanitaria**



### 5.3. Relacionados cas actividades complementarias e extraescolares:

- a) O alumnado participará nas diferentes actividades
- b) As/os titoras/res nas sesión de tutoría informarán ao alumnado dos beneficios da alimentación saudable.
- c) Desenvolveranse as actividades dos “Venres Gastronómicos”

## 6. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

**As normas recollidas no** PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2021-2022” . Enlace: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1204>

### 6.1. Funcións e responsabilidades do persoal colaborador do comedor:

.1.- É fundamental sempre, ser moi **exhaustivos coas medidas de hixiene**. O pelo debe estar recollido, a roupa impecable , as mans deben ser lavadas con frecuencia, etc.

2.- O persoal colaborador montan las mesas por completo que e controlarán que antes de entrar vaian lavar as mans e apliquen xel

3.- Ao alumnado tratarase **con agarimo e moita paciencia**.

4.- Serán **firmes nas conductas inapropiadas** procurando levantar o ton de voz o imprescindible. (Non ten máis razón quen máis berra).

5.- No caso de **falta grave ou reiterada** deberano **comunicar ao encargado** e, no caso de que esta estea ausente, a **algún membro do equipo directivo**.

6.- Débense **corrixir os malos hábitos na mesa**: falar coa boca chea, falar con alguén doutra mesa, berrar, tirar pan ou outros alimentos, xogar cos cubertos e calquera outro que se considere.

7.- Coidarase que a **saída sexa ordenada**:

- ✓ Axudando aos máis pequenos e acompañándoos ata o bus.
- ✓ Vixiando que o alumnado usuario de comedor sexa recollido pola pai/nai/titor legal ou persoa autorizada una vez rematado o servizo de comedor. As persoas colaboradoras serán as encargadas da súa vixilancia ata entrega as familias.
- ✓ Unha vez entregado o/a alumno/a ás familias os/as nenos/as pasan a ser a ser responsabilidade das mesmas aínda que permanezca no centro

8.- Comprobarase que os **comensais inxiren as porcións correspondentes** de cada prato e animarase ao alumnado a probar os novos alimentos.

- ✓ Pasarase a repetir unha vez en EI e EP e outra en ESO. Se algún comensal non comeu do primeiro prato non poderá repetir o segundo.



- ✓ As coidadoras alternaranse na atención aos distintos niveis de alumnado.
- ✓ Tentarase que exista un clima agradable e que saiban gozar da comida e da compañía da súa mesa.

9.- **Non interferiran nas decisións tomadas pola persoa encargada do comedor.** Ante calquera dúbida consultarán con ela e faránlle chegar tódalas suxestións que estimen oportunas para o bo funcionamento do comedor.

10.- **Non deben mostrar afinidade** nin preferencia **por ningún comensal.** Son todos iguais. Deben ser sempre exemplo de comportamento correcto !!!

## 6.2. Normas a seguir polo alumnado que asiste ao comedor

### a) Dereitos e deberes:

Son aqueles que recollen as normas de organización e funcionamento do centro no apartado “VIII Dereitos e deberes do alumnado” e que están regulados polo Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (B.O.E. Nº 131, 02/06/1995) e a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (D.O.G. Nº 136, 15/07/2011). Do mesmo xeito todas as indicacións recollidas nas Normas de Funcionamento do Centro aprobadas polo Claustro do Profesorado e o Consello Escolar o día 15 de outubro de 2018

### b) Dereitos e deberes específicos do alumnado que asiste ao comedor:

#### Dereitos:

- Á orientación educativa na alimentación
- A recibir menús equilibrados
- A recibir a axuda necesaria tanto á hora de comer como durante o tempo de lecer
- A formular aos responsables do comedor aquelas suxestións que crean convinte.

#### Deberes:

- Respetar e obedecer aos responsables do comedor, persoal de cociña e coidadoras.
- Respetar e colaborar cos seus compañeiros.
- Cooperar segundo o previsto (poner e recoller mesas, limpeza...) para o bo funcionamento do comedor. **Non se fará mentres dure a alarma sanitaria**
- Colaborar na convivencia a través dunha conducta correcta mediante a aportación de suxestións e iniciativas.
- Respetar e coidar os vasos, pratos, cubertos... que se utilizan no comedor.



c) Normas internas do comedor:

- Cada alumno/a terá mesa e lugar fixo para todo o curso, aínda que poderán facerse cambios sempre que se consideren necesarios.
- Ningún alumno/a se levantará da cadeira sen permiso (agás os que serven as mesas), cando necesiten algo, levantarán a man e esperarán a que o persoal coidador lles atenda.
- Os cubertos serven para comer non para facer ruído ou xogar con eles.
- Comerán todo e non se pode lanzar comida, nin enriba nin debaixo da mesa, nin ao lixo.
- O alumnado só poderá acceder ás estancias sinaladas polo persoal coidador e sempre acompañadas por estas. En ningún caso irán ás clases u outras dependencias do centro, nin permanecerán nos corredores.
- O alumnado do comedor permanecerá dentro do recinto escolar baixo a responsabilidade do persoal colaborador. No caso de que algún alumno/a necesite saír do centro, os pais/nais ou titores legais virán persoalmente a recollerlo e asinarán o permiso de saída correspondente.
- A alumnado que presente calquera tipo de alerxia alimenticia, debe comunicalo tanto á hora de formalizar a matrícula, como á persoa encargada do comedor, para que se teñan en conta no momento de confeccionar os seus menús.
- O alumnado usuario do comedor escolar participará no funcionamento do mesmo colocando a vaixela nas mesas ou encargándose de servir a comida aos seus compañeiros e retirar a vaixela e as sobras de comida. **Non se fara mentres dure a alarma sanitaria**
- O alumnado de 3º Ciclo de EP e de ESO que non colabore como servidor será o encargado de colocar a vaixela no período de recreo de EP e no segundo recreo de ESO. En función do seu número, faranse quendas que o reparto desa tarefa sexa o máis equitativo posible. **Non se fara mentres dure a alarma sanitaria**
- O alumnado de EI entrará ao comedor 15 minutos antes que o alumnado de EP. O alumnado de ESO entrará unha vez rematadas as actividades lectivas e despois de lavar as mans.
- O alumnado permanecerá nos seus sitios ata que as persoas colaboradoras indiquen ao alumnado encargado das mesas que poden ir recoller os alimentos para servir nas mesas correspondentes.

### 6.3. Normas específicas do comedor

- O comedor é o lugar onde se leva a cabo a actividade alimenticia e está se poddrá desenvolver positivamente se se fai en orde, se axuda ao persoal colaborador e se respectan aos demais.
- O comedor, cociña, servizos, corredores, non son lugares para xogar e só se utilizarán o tempo preciso e necesario ( rexen as normas recollidas no NOFC).
- O alumnado que chegue tarde ao seu turno de comedor sen causa xustificada, será apercibido a primeira vez, no caso de repetir a infracción se le aplicarán as medidas correctoras recollidas nas normas de convivencia



- As instalación e o material son para uso común de todos os comensais, por iso todos teñen que axudar para a súa conservación.
- Os desperfectos causados no material ou na vaixela que se produzan de maneira intencionada ou por non ter coidado, teranos que pagar os comensais.
- A limpeza será norma esencial no comedor, colaborárase limpando diariamente as mesas e fundamentalmente non tirando a comida fóra dos pratos ou ao chan. **Non se fará mentres dure a situación de alerta sanitaria**
- Temos que coidar a nosa hixiene e aspecto, lavaremos as mans antes e despois de comer, así é recomendable asearse e cepillar os dentes ao rematar a comida.
- Como norma xeral non se facilitará nin administrará medicamento ao alumnado. Se a familia pode adaptarse ao horario do comedor, poderá acceder ao centro para que se lle administre.

#### 6.4. Protocolo para o reparto de comida sobrannte ás familias:

Segundo recolle a lexislación de comedores na instrucción 1/2014 no seu punto 1.2 sobre o protocolo de funcionamento do comedor escolar e de conformidade eco previsto no artigo 8 do Decreto 132/2103 do 1 de agosto, no comedor do CPI Atios se establece o seguinte protocolo para o reparto de comida sobrannte ás familias.

1º O Concello emitirá un informe individualizado das familias en risco de exclusión social que poderán ser beneficiarias do reparto da comida sobrannte.

2º Diariamente se rexistrará mediante documento escrito o nome das familias que reciben a comida, a data da elaboración, data de consumo, a cantidade entregada e breve descripcón do alimento recibido segundo o **modelo I**

#### **Modelo I: REXISTRO ENTREGA DE COMIDA ÁS FAMILIAS**

SEMANA DO 06 DE OUTUBRO A 10 DE OUTUBRO

NOME DA FAMILIA	DATA DE ELABORACIÓN E ENTREGA	DATA DE CONSUMO	RACÍONS ENTREGADAS	DESCRIPCIÓN DA COMIDA
-----------------	-------------------------------	-----------------	--------------------	-----------------------

A responsable do Concello de Valdoviño

Asdo:

3º Un responsable do concello debe asinar o anterior documento e organizar a distribución da comida.

4º O centro se encargará de envasar a comida sobrannte que se entregará as familias nun recipiente axeitado, unha vez rematado o servizo de comedor, en horario de 15:45 a 16.00 horas



5º As familias recibirán a comida sempre que existan excedentes, non se elaborará comida a maiores coa finalidade de ser repartida.

6º As familias deben comprometerse por escrito a consumir a comida entregada antes do remate da data limite de consumo recollida na etiqueta da envase e a facer un uso axeitado da mencionada comida, segundo o **modelo II**

## MODELO II : COMPROMISO DAS FAMILIAS

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

Me comprometo a consumir a comida procedente do CPI Atios e distribuída polo Concello de Valdoviño antes da data sinalada como data de consumo, ademais de facer un uso axeitado da mesma e gardando exaustivamente as normas de hixiene e conservación da mencionada comida.

Fago constar que entendo o carácter voluntario e altruista da entrega destes alimentos, sen que implique ningún tipo de obriga por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do CPI Atios ou do Concello de Valdoviño do mantemento da mesma

Valdoviño a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de

Asdo: \_\_\_\_\_ NIF. \_\_\_\_\_

### 6.5. Usos do patios e instalacións:

- No período de servizo de comedor que vai dende a finalización da comida ata a chegada dos autobuses (15:30h), ou ata o inicio do das actividades lectivas (os xoves ás 16:45h) o alumnado por norma xeral, só poderá usar o patio da cafetería e baixo vixilancia do persoal colaborador e o profesorado de garda
- 
- Para acceder a outra instalación do centro escolar, solicitarán permiso ao persoal colaborador ou ao profesorado de garda que debe acompañar ao alumnado a dito espazo e permanecer no dito espazo ata que a alumnado deixe o mesmo.
- Para acceder ao ximnasio deben ter permiso do xefe de departamento de Educación Física e sempre baixo o control do persoal colaborador ou algún membro do persoal docente.
- Para acceder á biblioteca deben ter permiso do responsable da biblioteca e sempre baixo o control do persoal colaborador ou algún membro do persoal docente.
- Para permencer no comedor unha vez finalizado o horario para comer, deben ter permiso do encargado do comedor e sempre baixo o control do persoal colaborador ou algún membro do persoal docente.





## **7.2. Equipamento:**

O equipamento do comedor é o necesario para poder atender a uns 350 comensais por día.

## **7.3. Medidas de seguridade:**

- O alumnado e o persoal colaborador no teñen permitida a súa entrada no espazo da cociña, seguindo as normas marcadas pola lexislación.
- O alumnado de Educación Infantil non ten acceso aos coitelos, e tense unha maior atención pola súa seguridade..
- O comedor pasa revisións oficiais por parte de inspectores de sanidade, sempre e cando somos requeridos para tal fin.
- Cando se leva a cabo o simulacro de evacuación o no caso de que se tivera que realizar un real, tanto o alumnado como o persoal de cociña e o persoal colaborador, seguirán as normas co CPI Atios temos no seu plan de autoprotección.
- Só se administrará medicación a alumnado con autorización paterna e prescripción médica. En calquera outro suposto na que a súa integridade física este en perigo o responsable seguirá o seguinte procedemento:

1º Avisará ao 112

2º Avisará a un membro do equipo directivo que se porá en contacto coa familia do alumno/a accidentado.

## **8. O EQUIPO PEDAGÓXICO DO COMEDOR**

### **8.1. Comisión do comedor:**

A comisión do comedor está formada por:

- Director do centro.
- Encargado de comedor.
- Un representante do profesorado no Consello Escolar
- Un representante das familias no Consello Escolar.
- Un representante do persoal non docente no Consello Escolar

A comisión do comedor reunirse unha vez ao trimestre, e sempre que sexa necesario.





## 8.2. Reunión do director e do encargado de comedor co persoal colaborador

A reunión tera lugar a primeira semana de setembro , antes do inicio do servizo do comedor, e en caso de necesidade sempre que alguna das partes o solicite.

Puntos a tratar na reunión:

- Disciplina
- Hábitos de comer
- Hábitos de aseo
- Programación de actividades
- Vixiancia do alumnado antes e despois de comer
- Propostas

De todas as actuacións que se consideren tras a reunión, informarase ao Consello Escolar.

Poderanse facer modificacións á organización e agrupamento do alumnado para mellorar o funcionamento do comedor.

## 8.3. Horario de atención ás familias

O horario de atención ás familias será o seguinte:

- Encargado do comedor: de luns a venres de 13:00h a 13:30h
- Dirección: os xoves de 16:30h a 17:00h

Coa finalidade de manter un clima de coordinación coas familias, os pais, nais, ou titores legais deberán acudir ás reunións que se establezan, tanto individuais como colectivas, así como poderán propoñer reunións cos membros do equipo pedagóxico, previa petición de cita telefónica ou por escrito.

## 9 . DATOS DO CURSO ACTUAL

O comedor deste centro é de tipo D (entre 251 e 350 comensais),e neste curso temos autorizados como máximo o seguinte número de comensais

Luns	Martes	Mercóres	Xoves	Venres
291	292	293	344	288

Existe un encargado de comedor que pertence ao colectivo do profesorado. Funciona en dúas quendas

Son usuarios do servizo os alumnos/as do centro, cociñeiras e nais colaboradoras (gratuito) e persoal docente e non docente que presta colaboración algún día (gratuito o día da colaboración e de pago o resto). O servizo de comedor funciona desde o primeiro ao último día lectivo

## 9.1. Persoal e colaboradores

PERSONAL E COLABORADORES DO SERVIZO DE COMEDOR		
Cargo	Nome	DÍAS
<b>COCIÑA</b>	VICTORIA DE LOS ANGELES MOREIRA CASTRO	L,M,MI,X,V
	IRIA PEREIRA ANIDOS	L,M,MI,X,V
	Mª BELÉN CASTRO REAL	L,M,MI,X,V
	MARÍA MERCEDES FERREIRA CENDÁN	L,M,MI,X,V
<b>DIRECTOR</b>	ANTONIO CEBREIRO MELERO	L,M,MI,X,V
<b>ENCARGADO</b>	JUAN RAMON ALONSO GARCÍA	L,M,MI,X,V
<b>COLABORADORAS</b>	JIMENA PONCE PALMA	L,M,MI,X,V
	CECILIA LÓPEZ RODRIGUEZ	L,M,MI,X,V
	MARTA GRANDAL PRIETO	L,M,MI,X,V
	ALMUDENA RUIZ CORTIZAS	L,M,MI,X,V
	Mª ISOLINA AMENEIROS RODRÍGUEZ	L,M,MI,X,V
	UXÍA MARTÍNEZ MONTERO	L,M,MI,X,V
	Mª ELISA ROJAS JULÍAS	L,M,MI,X,V
	VANESSA PITA YÁNEZ	L,M,MI,X,V
	ESTEFANÍA VÁZQUEZ DOPICO	L,M,MI,X,V
	MARGARITA RAMA LÓPEZ	L,M,MI,X,V
	RAQUEL CABANAS VELLÓN	L,M,MI,X,V
	CATARINA ANEIROS FRAGA	L,M,MI,X,V
	TANIA Mª RUANOVA SUÁREZ	L,M,MI,X,V

## 9.2. Usuarios do comedor

ALUMNOS					
	Abono 4,50 €	Abono 2,50 €	Abono 1 €	Gratuidade	Total
Infantil	13	1	5	22	41
Primaria	39	4	10	83	138
ESO	16	6	11	59	92
ESO1 DÍA*	16	8	3	25	52
<b>TOTAL</b>	<b>84</b>	<b>19</b>	<b>29</b>	<b>191</b>	<b>326</b>

## 9.3. Proxectos a realizar

No curso actual segue en marcha o proxecto “Venres Gastronómicos”, en colaboración co Equipo da Biblioteca e o EDLG



## 10. AVALIACIÓN DO PLAN DE COMEDOR

Cada curso académico farase unha avaliación do funcionamento do comedor por parte de todos os membros do mesmo e as conclusións que se incluírán no proxecto de comedor. Enténdese por avaliación do proxecto a constatación da validez do mesmo. Para iso establécese que:

- Ao longo do proxecto levarase a cabo o seguimento da programación da materia e o grado de cumprimento dos obxectivos propostos. Así mesmo, analizaranse as dificultades que vaian xurdindo, e se as normas son axeitadas ás características do alumnado e persoal colaborado. Ao final do proxecto, reflectirase na correspondente acta de departamento os resultados acadados en cada grupo, e as dificultades atopadas para levala a cabo.
- Ao finalizar o curso escolar, entregaráselle unha enquisa aos alumnos para comprobar o grao de satisfacción co servizo de comedor.

Os resultados quedarán reflectidos na memoria final do proxecto.

*O director certifica que este **PROXECTO DE COMEDOR** do CPI de ATIOS-VALDOVIÑO foi presentada ao Claustro do Profesorado e **aprobado polo Consello Escolar** na súa reunión **do 13 de outubro de 2021***

Visto e prace

O director

Valdoviño a 13 de outubro de 2021

A Secretaria



Asdo.: Antonio Cebreiro Melero

Asdo.: Mª Dolores Freire Villa